

MES AMIS ESPAGNOLS 1494

Adrien Bordone, 2024

ESTREA EN NUMAX: 09.04.2025 | V.O.S.G. | 79 min

A través dos relatos dos seus amigos da infancia, o director cóntanos o retorno obrigado a España deses adolescentes nados en Suíza, cuxos pais españois emigraron ao país en busca dunha vida mellor. Nados en Suíza nos anos oitenta, os amigos españois do realizador volven a Galicia sendo adolescentes, a terra de seus pais.

A sesión contará con presentación e coloquio co director.



Entrevista con Adrien Bordone: «Os meus amigos viviron as consecuencias dun estraño exilio a casa»

Como xorde a idea de realizar un documental con esta temática? Sempre tiveron recordos da miña infancia en Suíza, en Bienne, cos meus amigos españois, e quería facer unha película sobre esa infancia. Quería entender que pasou, por que perdín os meus amigos, por que marcharon. Tamén me sorprendeu ver que os meus amigos seguían emigrando hoxe en día, e quería entender por que.

Como foron as fases previas á gravación (procura dos amigos da infancia, guión, aspectos técnicos)? Animáronse a participar desde o primeiro momento ou houbo reticencias? Sempre mantiven o contacto cos meus amigos españois. Este contacto foise facendo cada vez máis escaso, pero sempre seguimos escribíndonos e, ás veces, véndonos. Cando lles dixen que quería facer unha película sobre eles, quedaron bastante sorprendidos e pareceulles divertido; non creo que se desen conta enseguida de que se trataba de algo serio. Hoxe, cando ven a película, póñense moi contentos. Iso tranquilízame e dáme a impresión de que fixen unha película respectuosa e sensible.

Nun plano máis técnico e financeiro, a película foi bastante difícil de producir porque quería facer moitas cousas pola miña conta. Tiña que demostrar que podía facelo. Tamén tiña a sensación de que o tema da migración xa estaba moi presente nos medios de comunicación e quería deixar claro que o meu enfoque era diferente, moi íntimo, moi humano e tamén tiña algo de alegre e cálido.

Como se consegue tratar un tema tan delicado como o trauma infantil ou adolescente nun documental? Cres que estes mozos aínda viven as consecuencias do retorno na súa vida adulta? Creo que os meus amigos percibiron enseguida que era sincero, que realmente quería comprender, e confiaron en min. Tamén sentiron que estaba a reparar un pouco unha inxustiza: que estaba a falar de algo do que non faláramos. A película animounos a falar cos seus pais e, por tanto, a falar do trauma. Pero creo que, a nivel psicolóxico, axudoulles.

Si, creo que viven coas consecuencias deste estraño «exilio a casa». Pero, como eles mesmos din, tamén os fixo fortes e abertos ao mundo. E ao final viven como cada vez máis xente hoxe en día: entre varias culturas, entre varios mundos.

Foi importante incluír o punto de vista dos pais para completar o documental?

Si, para entender polo que están a pasar os meus amigos, tamén tiveron que entender a primeira migración, a de seus pais. Tamén era necesario mostrar que os pais tentaron facelo o mellor que puideron. Tentaron tomar as decisións correctas e non sempre se deron conta do que estaban a pasar os seus fillos. Pero a miña película non busca culpables, mostra sobre todo o amor e o desexo de falar uns con outros e atopar solucións.